



ADDENDA DE MODIFICACIÓN DA CLÁUSULA DE DOTACIÓN ECONÓMICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DO PORRIÑO E O CLUB UNIÓN DEPORTIVA ATIOS (G36323889) PARA O ANO 2024.

Expte. 6914/2023

REUNIDOS:

Dunha parte, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, co D.N.I. nº 76907670-V, na súa condición de alcalde-presidente do Concello do Porriño, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime Local (artigo 61.1.a)) da lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e artigo 21.1.b) da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra,

Don José Cebreiro Vázquez, con [D.N.I. nº 36119056 V](#) Presidente do club Unión Deportiva Atios co CIF G36323889 en virtude de nomeamento aprobado pola Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o 30/04/2016, actuando no seu nome e representación, como interlocutor válido ante as institucións e organismos oficiais, públicos e privados.

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense reciprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente convenio.

E manifestan o seguinte:

Primeiro: Mediante decreto da alcaldía nº 2024-0106 do 16/01/2024 aprobase o convenio de colaboración para o ano 2024 e procédese á súa sinatura con dita entidade deportiva, sendo a súa finalidade o fomento do deporte base e funcionamento do club. Este convenio por importe total de 45.000 euros, establece un cronograma cos seguintes prazos de entrega:

- a) Á sinatura do convenio realizarase un pago anticipado do 80% do importe total subvencionado que supón a cantidade de 36.000 euros, que suporá unha entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Esta porcentaxe está dentro dos límites que establecen para esta modalidade de pagos nas bases de execución municipal.

Este pago anticipado efectuado sobre o importe total subvencionado, abonarase a petición da asociación, mediante solicitude presentada no Concello e a que se achegará a unha declaración responsable de non incorrer en





ningunha das prohibicións ou circunstancias sinaladas no artigo 34 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

Non se establece ningún réxime de garantías respecto a este pago a conta.

b) O importe restante de 9.000,00 euros (20%) abonarase unha vez presentada por parte da asociación a conta xustificativa comprensiva da totalidade do importe subvencionado, fiscalizada polo servizo de Intervención e debidamente aprobada polo órgano competente.

Segundo: Polo Pleno municipal apróbase o novo orzamento municipal para o ano 2024, con variacións á alza no anexo de subvencións nominativas para algún dos beneficiarios.

Terceiro: O 2 de outubro de 2024 publícase no BOPPO o anuncio de aprobación definitiva do novo orzamento municipal quedando acreditada a existencia de crédito orzamentario axeitado e suficiente para a tramitación da presente addenda.

Asimesmo, os comparecentes mostran a súa conformidade en establecer as seguintes

CLÁUSULAS:

1.- Dotación económica: O Concello do Porriño comprométese a entregarlle ao club Unión Deportiva Atios a cantidade de 6.000,00 € destinada a gastos especificados no convenio asinado o que incrementa a dotación do mesmo ata acadar a cantidade total de 51.000,00 euros.

2.- Entregas a conta: O Concello, no momento da sinatura da presente addenda, entregará ao club o importe equivalente ao 80% da mesma (4.800,00 €) previa solicitude do anticipo como financiación necesaria para o desenvolvemento das actividades inherentes ao convenio. Non se establece ningún réxime de garantías respecto a esta entrega de fondos previa á xustificación.

3.- Xustificación: O club estará obrigado a presentar a xustificación desta addenda nas mesmas condicións e requisitos que os establecidos para o convenio principal, fixándose como data límite para a súa entrega o 4 de decembro, sen posibilidade de prórroga.

4.- Vixencia: Esta addenda entrará en vigor con efectos do 1 de xaneiro de 2024, quedando sometidas ás mesmas cláusulas establecidas no convenio de colaboración, a excepción do disposto na cláusula de dotación económica.





Concello do Porriño

Esta addenda obriga ás partes que a asinan ao seu cumprimento, someténdose as partes ao acordado en todas as estipulacións.

**Polo Concello,
(asinado dixitalmente á marxe)**

Polo club,

